

Os traballos que obteñen produtos

As persoas realizamos traballos que se agrupan en tres sectores: **primario**, **secundario** e **terciario**.

Os traballos do sector primario

O **sector primario** agrupa as actividades que obteñen produtos que poden utilizarse directamente, como a froita, ou que se utilizan como materias primas para a industria, como o algodón na fabricación de teas.

As principais actividades do sector primario son a agricultura, a gandaría, a pesca e a minaría. Estes traballos adóitanse realizar en zonas rurais.

A agricultura



A **agricultura** consiste en cultivar a terra para obter produtos vexetais. As persoas que cultivan a terra son os **agricultores**.

A gandaría



A **gandaría** é a cría de animais para obter produtos como carne, ovos, leite e coiro. As persoas que realizan esta actividade son os **gandeiros**.

A pesca



A **pesca** é a captura de peixes e moluscos das augas superficiais e mariñas. Os **marifeiros** e os **pescadores** capturan peixes con redes e canas.

A minaría



A **minaría** extrae da codia terrestre **rochas**, **minerais** e **metais** que se usan como materia prima para ser transformada pola industria en produtos elaborados.

No sector primario traballan poucas persoas. En España, son **4 de cada 100 persoas**, e na Unión Europea, 5 de cada 100.

Lectura páxina anterior (Páx. 82 do voso libro de texto).

➤ **Contesta ás seguintes cuestións:**

1. Como podemos obter os bens que necesitamos para vivir?
2. En cantos sectores podemos agrupar o traballo?
3. Que entendiches por sector primario?

Moito ánimo que o estades a facer moi ben! Un bico e unha aperta grande.